

A **Biblioteca da UDC** está [formada](#) polo Servizo de Biblioteca Universitaria (Campus de Elviña da Coruña, no Edificio Xoana Capdevielle) e 16 Bibliotecas de Centro, distribuídas en dous campus: A Coruña e Ferrol.

O **horario** de apertura das bibliotecas durante o curso académico é, de luns a venres, de 08.30 h a 21.30 h, en horario ininterrompido.

Usuarios: todos os alumnos da UDC, son usuarios de pleno dereito da Biblioteca, en calquera dos seus puntos de servizo.

Identificación: a Biblioteca utiliza a [Tarxeta Identificativa da Universidade \(TIU\)](#) como carné de usuario, pero non é responsable da súa xestión. Mentres non teña a tarxeta, pódese facer uso da Biblioteca presentando o DNI, sempre que este dado de alta na base de datos da Universidade ([Darse de alta](#)).

En caso de perda ou extravío da tarxeta, pode solicitala de novo na Oficina Universitaria (tel. 981 296 387 ou ext. 2359). Se tivese o Servizo 4B Maestro, cancélea en calquera oficina do Banco Santander ou no tel. 902 242 424.

SESIÓNS DE FORMACIÓN

As bibliotecas das facultades e escolas realizan ao comezo do curso, sesións de presentación, dirixidas principalmente ao novo alumnado. Nelas faise unha breve visita guiada á biblioteca, explícase o uso do catálogo e os servizos que se ofrecen, entre outras cousas.

Ademais destas sesións, desde a Sección de información do Servizo de Biblioteca organízanse cursos semipresenciais máis especializados, un deles é “Como se fai un traballo de grao”, ao que se pode apuntar calquera alumno/a (non é preciso estar no último ano da carreira), nel profundízase en todos os recursos aos que se pode acceder desde a páxina da Biblioteca. [Máis información](#).

FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

Libros:

- *Obras de referencia* como dicionarios, enciclopedias, atlas, etc., que pode consultar, xeralmente, só dentro das propias salas de lectura das bibliotecas.
- *Manuais e bibliografía recomendada* (esta última [por materia de clase](#) e [por profesor](#)).
- *Bibliotecas de Interese Cultural (BIC)*: son obras non relacionadas especificamente coa temática das bibliotecas que as posúen, nelas atópanse desde libros divulgativos, pasando por novelas, ata cómics. [Máis información sobre as BIC](#).

Revistas: poden consultarse libremente na biblioteca as revistas científicas das áreas temáticas que se imparten no centro. Como non se prestan, ofrécese o uso de máquinas auto-fotocopiadoras, para a reprodución dos artigos que interesen.

Outros materiais: ademais de libros e revistas, a Biblioteca ofrece unha colección doutros materiais como imaxes, mapas, películas, etc.

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Acceso ás coleccións de recursos electrónicos, adquiridas pola Universidade da Coruña: [Bases de datos](#), [Revistas electrónicas](#) e [Libros electrónicos](#).

Outros servizos da biblioteca dixital son: [acceso desde fóra da UDC](#), [RUC \(repositorio institucional\)](#), [RefWorks](#), [BX HotArticles](#) e [LibX](#).

Información máis detallada a través da páxina web da Biblioteca: [<http://www.udc.gal/biblioteca/>] e da guía breve '[Os recursos electrónicos na Biblioteca da UDC](#)'.

SERVIZOS

Información: a Biblioteca ofrece a través do Servizo de Biblioteca e as 16 bibliotecas de centro, [puntos de información](#) presencial, telefónica ou a través do correo electrónico, onde se pode facer calquera consulta sobre horarios, funcionamento, servizos que se ofrecen, buscas bibliográficas, etc.

Consulta en sala: todas as bibliotecas de centro contan con postos de lectura distribuídos nas diferentes salas que teñen cada unha delas (sala de lectura, hemeroteca, ...).

A maior parte dos fondos está en libre acceso e encóntrase colocado seguindo unha clasificación por materias, na que a cada materia lle corresponde un código alfanumérico (signatura). Cada documento leva unha etiqueta (tejuelo) na que vai impresa a súa signatura.



Guía para o novo alumnado: o que a Biblioteca pode facer por ti

Catálogo da biblioteca: contén as referencias bibliográficas e a localización de todos os documentos (libros, revistas, mapas, películas, etc.), que se atopan na Biblioteca Universitaria. Nas diversas bibliotecas dispoñen de ordenadores con acceso a internet para a consulta do catálogo e a páxina web da Biblioteca con todos os seus recursos. [Ligazón ao catálogo.](#)

Préstamo a domicilio: a maior parte da colección da Biblioteca da UDC é prestable.

O grupo I de usuarios, ao que pertence o estudantado de grao, 1º e 2º ciclo e senior, pode levar en préstamo 6 libros durante 10 días, presentando a tarxeta identificativa da UDC (TIU) ou o DNI. Guía de préstamo.

[O meu rexistro](#) permite comprobar o número de préstamos nese momento, ver a súa data de vencemento, renovalos, reservar documentos que estean prestados nese momento, consultar multas, consultar o historial de préstamos, etc.

Pódese renovar o período de préstamo (persoalmente, a través da páxina web do Servizo de Biblioteca [https://kmelot.biblioteca.udc.es/patroninfo*gag] ou por teléfono), sempre que outro usuario non fixera unha solicitude de reserva sobre os documentos que se desexa renovar.

Préstamo intercentros: pódense solicitar en préstamo documentos doutras bibliotecas da UDC sen necesidade de desprazarse. As condicións do préstamo intercentros serán as mesmas que as do préstamo a domicilio. Para máis información acuda ao persoal da biblioteca.

Préstamo interbibliotecario: é un servizo que permite poñer a disposición dos nosos usuarios aqueles libros ou documentos que non se atopan en ningunha das bibliotecas da UDC.

Suxestións, comentarios – biblioteca: na páxina web do Servizo de Biblioteca existe, dentro de 'Axuda', a ligazón '[Contacta coa Biblioteca](#)' na que se mostran todas as formas de facernos chegar as consultas, queixas ou suxestións.

Reprografía: a UDC dispón nas súas instalacións de máquinas fotocopadoras para seren utilizadas directamente polos usuarios, e de servizos de reprografía en cada centro ou grupo de centros.

O material bibliográfico pódese reproducir sempre que as súas características, o seu estado de conservación e a lexislación vixente sobre propiedade intelectual o permitiren.

Servizo de Biblioteca Universitaria
Sección de Información e Referencia
Edificio Xoana Capdevielle, 2.º andar, s.n.
Campus de Elviña
15008 A Coruña

Tel. 981 167 000, ext. 5663
informacion.bib@udc.es

<http://www.udc.gal/biblioteca>

